

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0636	Estética de mans e pés	2023/2024	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DE LOS ÁNGELES MOSQUERA NEIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación vai dirixida o alumnado do ciclo formativo de grao medio de Peiteado e Cósmetica Capilar, primeiro curso, pertencente á familia profesional de Imaxe Persoal, que se desenvolve no IES Lamas de Abade. O centro no que se desenvolve a formación está ubicado dentro do entorno próximo ó centro da cidade da Santiago, Neste módulo profesional o alumnado aprenderá a efectuar as técnicas de manicura e pedicura, os diferentes tratamentos específicos para coidar e embelecer mans, pés e uñas, así como a maquillaxe e decoración de uñas segundo as tendencias actuais. O sector das uñas dentro da estética vai en aumento cada ano, e a súa demanda creceu moito nos últimos anos, podemos notar un gran aumento de centros de estética adicados só o embelecemento de mans, pes e uñas, podendo o alumndo adicarse exclusivamente a esta parte da estética que engloba o embelecemento de mans e pes mediante a realización de manicuras, pedicuras, e tratamentos específicos. A concreción dos obxectivos xerais do ciclo, no terceiro nivel de concreción curricular, debe entenderse como a resposta curricular que, dende cada un dos módulos pode contribuír ao desenvolvemento dos grandes fins e obxectivos do Ciclo Formativo. Esta concreción implica dar prioridade a uns criterios de avaliación sobre outros, establecer matizacións en función das peculiaridades do contexto e dos progresos alcanzados polos alumnos/as.

Os obxectivos xerais do Ciclo Formativo son os que constan no Decreto 203/2013)

Este módulo está asociado ás unidades de competencia:

UC0356_2: Atender a clientela do servizo estético de mans e pes en condición de seguridade, hixiene e saude

UC0357_2: Aplicar técnicas estéticas para coidar e embelecer as uñas.

UC0359_2: Realizar tratamentos estéticos de mans e pés.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	PROCESOS ESTÉTICOS DE MANICURA E PEDICURA	Definiranse os procesos de manicura e pedicura, morfoloxía de mans e pés	10	10
2	DESTREZAS E APTITUDES. ESPAZOS EQUIPAMENTOS, COSMÉTICOS E APARELLOS NOS PROCESOS MANICURA E PEDICURA. S e H	Descríbense espazos e medios, para a súa selección e manexo, manténdos en condicións de seguridade e hixiene	14	10
3	TÉCNICAS DE MANICURA	Aplicación de técnicas de manicura segun protocolos establecidos	28	20
4	TÉCNICAS DE PEDICURA	Realización e aplicación das técnicas de pedicura seguindo os protocolos establecidos	20	20
5	TRATAMENTOS ESPECÍFICOS DE MANS E PÉS	Descríbense protocolos de tratamento integrando diferentes técnicas e medios	28	25
6	DECORACIÓN E MAQUILLAXE DE UÑAS	Clasifícanse os produtos de decoración de uñas, fanse deseños e aplícanse técnicas de decoración de uñas	28	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	PROCESOS ESTÉTICOS DE MANICURA E PEDICURA	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os procesos estéticos de manicura e pedicura.
CA1.2 Estudouse a morfoloxía dos pés e das mans.
CA1.3 Estudáronse as alteracións características da pel das mans e dos pés.
CA1.4 Valoráronse as necesidades, as demandas e os gustos da persoa usuaria.
CA1.5 Identificáronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA1.6 Deseñáronse os protocolos para realizar as técnicas estéticas de manicura e pedicura.
CA1.7 Rexistráronse na ficha técnica os protocolos, os datos persoais e a información de interese profesional.
CA1.8 Coidáronse as medidas estéticas do profesional que realiza estas técnicas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
Estudo estético das mans, os pés e as uñas.
Control de calidade na prestación do servizo. Recepción e atención á persoa usuaria. Imaxe do profesional como factor de calidade na prestación do servizo: coidados estéticos.
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
Arquivo e conservación da documentación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	DESTREZAS E APTITUDES. ESPAZOS EQUIPAMENTOS, COSMÉTICOS E APARELLOS NOS PROCESOS MANICURA E PEDICURA. S e H	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as instalacións e os espazos onde se vaian realizar os procesos estéticos de manicura e pedicura.
CA2.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes do seu uso e despois.
CA2.3 Selecciónanse os equipamentos, os materiais e os cosméticos.
CA2.3.1 CA 2.3.1 Selecciónanse os equipamentos e materiais
CA2.3.2 CA 2.3.2 Identifícanse os cosméticos
CA2.4 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA2.5 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela.
CA2.6 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA2.7 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de manicura e pedicura
CA2.8 Describíronse as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA2.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA2.10 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de manicura e pedicura.
CA2.11 Caracterizáronse as posicións anatómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso da estética das mans e dos pés.
CA2.11.1 Realizáronse as posicións anatómicas axeitadas
CA2.11.2 Aplicáronse as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de estética de mans e de pes
CA2.12 Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
CA2.13 Aplicáronse os métodos máis axeitados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para a estética das mans e dos pés.

4.2.e) Contidos

Contidos
Distribución de espazos. Ambiente. Importancia da luz. Sistema de renovación do aire.

Contidos

Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección.

Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de manicura e pedicura. Ergonomía e hixiene postural.

Manexo, aplicación e conservación dos utensilios e os aparellos.

Manipulación, aplicación, conservación e mantemento dos cosméticos: efectos, indicacións e contraindicacións.

Pautas para a aplicación e o mantemento de materiais, utensilios, equipamentos e cosméticos.

Normativa nos procesos de manicura e pedicura. Pautas de aplicación.

Equipamentos e cosméticos utilizados en manicura e pedicura.

Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos).

Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.

Importancia do traballo en equipo.

Recepción e atención á clientela para o proceso de manicura e pedicura. Normas para a primeira cita.

Instrumentos de identificación das necesidades e demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.

Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de manicura e pedicura.

Métodos de limpeza, desinfección e esterilización: clasificación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	TÉCNICAS DE MANICURA	28

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Planificouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
CA3.1.1 Planificouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo os criterios de confortabilidade e seguridade nos procesos de manicura
CA3.2 Selecciónronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura e pedicura, aplicando medidas de seguridade e hixiene específicas.
CA3.2.1 Selecciónronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura aplicando medidas de seguridade e hixiene específicas.
CA3.3 Aplicáronse técnicas de desmaquillaxe da lámina ungueal.
CA3.4 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranxo e forma.
CA3.4.1 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranxo e forma no proceso de manicura
CA3.5 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía.
CA3.5.1 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía no proceso de manicura
CA3.6 Aplicáronse as técnicas de acondicionamento e/ou retirada de cutícula.
CA3.8 Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.
CA3.8.1 Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que xustificou a súa secuencia, efectos as súas indicacións e as súas contraindicacións nos procesos de manicura

4.3.e) Contidos

Contidos
Recepción, acomodación e protección da persoa usuaria.
Manicura básica, conformación, cutícula, e limpeza do leito e da lámina.
Técnica de desmaquillaxe de uñas: lámina e dobramento periungueal.
Arranxo e forma. Técnica do corte de uñas de mans e pés. Técnica de limadura e puimento das uñas. Técnica de acondicionamento e retirada de cutículas. Técnicas específicas de manicura e pedicura masculina e feminina.
Manobras de masaxe de mans e pés: secuencia, efectos, indicacións e contraindicacións; utilización.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	TECNICAS DE PEDICURA	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Planifícouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
CA3.1.2 Planifícouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo os criterios de confortabilidade nos procesos de pedicura
CA3.2 Selecciónáronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura e pedicura, aplicando medidas de seguridade e hixiene específicas.
CA3.2.2 Selecciónáronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas de pedicura aplicando as medidas de seguridade e hixiene
CA3.4 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranxo e forma.
CA3.4.2 Realizáronse as técnicas de conformación das uñas: corte, arranxo e forma no proceso de pedicura
CA3.5 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía.
CA3.5.2 Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía no proceso de pedicura
CA3.5.3 Puíronse as durezas e asperezas con instrumentos manuais e mecánicos
CA3.7 Adaptáronse as técnicas de manicura e pedicura ás características e ás necesidades dun usuario masculino.
CA3.8 Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.
CA3.8.2 Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, efectos e as súas indicación e contraindicación nos procesos de pedicura

4.4.e) Contidos

Contidos
Recepción, acomodación e protección da persoa usuaria.
Arranxo e forma. Técnica do corte de uñas de mans e pés. Técnica de limadura e puimento das uñas. Técnica de acondicionamento e retirada de cutículas. Técnicas específicas de manicura e pedicura masculina e feminina.
Manobras de masaxe de mans e pés: secuencia, efectos, indicacións e contraindicacións; utilización.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	TRATAMENTOS ESPECÍFICOS DE MANS E PÉS	28

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora tratamentos estéticos específicos das mans, os pés e as uñas, integrando no proceso técnicas novas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbóronse protocolos específicos de tratamentos para os pés, as mans e as uñas.
CA4.2 Identifícaronse as técnicas de masaxe específicas.
CA4.3 Planifícaronse os equipamentos, os medios e os cosméticos empregados nos tratamentos e nas técnicas de manicura e pedicura.
CA4.4 Manexáronse os aparellos para os tratamentos específicos: efluvios, ventosas cepillos, pulverizadores, parafina, etc.
CA4.5 Utilizáronse os cosméticos específicos segundo os procedementos de uso e medidas hixiénico-sanitarias.
CA4.6 Integráronse as técnicas, os aparellos e os cosméticos para realizar os tratamentos estéticos para mans e pés.
CA4.7 Aplicáronse técnicas de mantemento e coidado de aparellos, utensilios e cosméticos.
CA4.8 Demostráronse os coñecementos da normativa hixiénico-sanitaria sobre o uso e a eliminación dos residuos e os utensilios dun só uso utilizados na aplicación destas técnicas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Clasificación dos tratamentos estéticos de mans e pés. Equipamentos empregados en tratamentos de mans e pés (equipamentos de correntes de alta frecuencia para a aplicación de efluvios, ventosas, vibradores, cepillos e radiacións infravermellas): descrición, fundamento científico e criterios de selección. Cosméticos específicos: criterios de selección e utilización. Procedemento de aplicación de tratamentos. Normas de uso, efectos indicacións e contraindicacións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	DECORACIÓN E MAQUILLAXE DE UNAS	28

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza a decoración de uñas combinando técnicas e cosméticos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Deseñáronse de forma gráfica diversas maquillaxes de uñas.
CA5.2 Clasifícaronse os produtos de decoración e maquillaxe por textura e técnicas de aplicación.
CA5.3 Aplicáronse técnicas de maquillaxe mixtas: aerógrafo e pincel.
CA5.4 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con esmaltes: mixtas, de pincel e punzón.
CA5.5 Aplicáronse técnicas de maquillaxe con produtos acrílicos.
CA5.6 Realizáronse diversos tipos e deseños de maquillaxe de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, floral, marmoreamento e fantasías.
CA5.6.1 Realizáronse diversos tipos de maquillaxe media lua e francesa
CA5.6.2 Realizaronse distintos deseños de fantasía picos e diagonais
CA5.7 Executáronse técnicas de piercing no bordo libre da uña.
CA5.8 Executáronse técnicas específicas de embelecemento da uña masculina.
CA5.9 Verifícaronse os resultados comparándoos coas demandas, os gustos e as necesidades da persoa usuaria.

4.6.e) Contidos

Contidos
Técnica de puimento e maquillaxe de uñas.
Clasificación dos esmaltes pola súa textura.
Técnicas de maquillaxe con acrílicos.
Técnica de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo con punzón e pegado.
Técnicas de piercing en bordo libre da uña: preparación, perforación e acabamento (pechamento de garza e de rosca).
Técnicas de maquillaxe con esmalte: pincel, aerógrafo e punzón.
Técnicas de deseños de maquillaxe de uñas.
Tipos de maquillaxes de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, floral, marmoreamento e fantasía.
Pautas de asesoramento sobre o coidado de mans e pés.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

U.D 1 PROCESOS ESTÉTICOS DE MANICURA E PEDICURA

- CA1.1- Definíronse os procesos estéticos de manicura e pedicura.
- CA1.2- Estudouse a morfoloxía dos pés e das mans.
- CA1.3- Estudáronse as alteracións características da pel das mans e dos pés.
- CA1.5- Identificáronse as normas de comportamento fronte á clientela, compañeiros e compañeiras de traballo e superiores.
- CA1.6- Deseñáronse os protocolos para realizar as técnicas estéticas de manicura e pedicura.
- CA1.8- Coidáronse as medidas estéticas do profesional que realiza estas técnicas.

U.D 2 ESPAZOS,EQUIPAMENTOS,COSMÉTICOS E APARELLOS

- CA2.1-Planificouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.
- CA2.2- Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes do seu uso e despois.
- CA2.3- Seleccionáronse os equipamentos, os materiais e os cosméticos.
- CA2.4- Valouse a importancia do traballo en equipo para lograr un eficiencia empresarial
- CA2.5- Detalláronse as pautas básicas para a recepción e atención á clientela.
- CA2.6-Simuláronse a recepción e a atención a clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
- CA2.7- Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de manicura e pedicura
- CA2.9- Coidouse a imaxe do persoal profesional
- CA2.12- Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.
- CA2.13- Aplicáronse os métodos máis axeitados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para a estética das mans e dos pés.

U.D.3 TÉCNICAS DE MANICURA

- CA3.2.1- Seleccionáronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura aplicando medidas de seguridade e hixiene específicas.
- CA3.4.1- Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranxo e forma.
- CA3.5.1- Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía no proceso de manicura
- CA3.6- Aplicáronse as técnicas de acondicionamento e/ou retirada de cutícula.
- CA3.8- Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.

U.D. 4 TÉCNICAS DE PEDICURA

- CA3.2.2- Seleccionáronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas de estética de pedicura aplicando medidas de seguridade e hixiene.

CA3.4.2 Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranzo e forma no proceso de pedicura.

CA3.5.2 Limáronse e puçáronse as uñas segundo a súa morfoloxía no proceso de pedicura.

CA3.5.3 Puíronse as durezas e asperezas no proceso de pedicura con instrumentos manuais e mecánico.

CA3.8.2 Aplicáronse as técnicas de masaxe para o que xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e contraindicacións no procesos de pedicura.

UD 5 TRATAMENTOS ESPECIFICOS DE MANS E PES

CA4.1- Describíronse protocolos específicos de tratamentos para os pés, as mans e as uñas.

CA4.2- Identificáronse as técnicas de masaxe específicas.

CA4.3- Planificáronse os equipamentos, os medios e os cosméticos empregados nos tratamentos e nas técnicas de manicura e pedicura.

CA4.4 - Manexáronse os aparellos para os tratamentos específicos: efluvios, ventosas cepillos, pulverizadores, parafina, etc.

CA4.5- Utilizáronse os cosméticos específicos segundo os procedementos de uso e medidas hixiénico-sanitarias.

CA4.6- Integráronse as técnicas, os aparellos e os cosméticos para realizar os tratamentos estéticos para mans e pés.

U.D. 6 DE CORACION E MAQUILLAXE

CA5.1 Deseñáronse de forma gráfica diversas maquillaxes de uñas

CA5.2- Clasificáronse os produtos de decoración e maquillaxe por textura e técnicas de aplicación

CA5.3 - Aplicáronse técnicas de maquillaxe mixtas: aerógrafo e pincel.

CA5.4 - Aplicáronse técnicas de maquillaxe con esmaltes: mixtas, de pincel e punzón.

CA5.5 - Aplicáronse técnicas de maquillaxe con produtos acrílicos.

CA5.6.1 - Realizáronse diversos tipos e deseños de maquillaxe de uñas: francesa, media lúa,

CA5.9 Verificouse os resultados comprovándos doas demandas e necesidades do cliente.

A relación das unidades didácticas coa avaliación correspondente é a seguinte:

1ª Avaliación; UD1(Procesos estéticos de manicura e pedicura) UD2 (Espazos,equipamentos,cosméticos e aparellos) UD3 (Técnicas de manicura e pedicura).

2ª Avaliación; UD3 (Técnicas de manicura e pedicura) UD5 (Decoración e maquillaxe de uñas).

3ª Avaliación; UD4(Tratamientos de mans e pés) UD5 (Decoración e maquillaxe de uñas).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, tendo en conta os seguintes criterios:

- As cualificacións do alumnado levaranse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza xefatura de estudos.

- A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10.

Cada un dos CAs, por outra banda, terá un peso orientativo na cualificación. Este valor, segundo criterio da docente, pretende representar a porcentaxe do peso relativo que ten cada un dos CAs para unha UD determinada. Ao ser unha porcentaxe, a suma dos pesos dos CAs de cada UD debe sumar o 100%, e todos deben ter como mínimo un 1%. Con esta información docente determina cales CAs son os máis importantes da UD e, por tanto, o normal é que teña certa relación cos mínimos exixibles.

Que un CA se declare como mínimo esixible implica que o alumnado deberá superar (nota igual a 5 sobre 10 ou maior) a proba correspondente ao instrumento de avaliación seleccionado para aprobar a unidade didáctica. Pola contra, non será necesario superar as probas relacionadas con CAs que non sexan declarados mínimos esixibles sempre que a nota global da UD (tendo en conta as ponderacións dos instrumentos de avaliación)

sexa aprobado.

Para acadar a nota final, cada UD ten unha ponderación . A suma das notas de cada UD, aplicándolle a ponderación correspondente, supón un 100% da nota final do módulo.

Cada Instrumento de Avaliación orixina unha nota que, coa ponderación correspondente a cada IA (refrexado nas táboas de cada UD) e tendo en conta os CAs que son mínimos esixibles (nos que ten que obter de 5 a 10 puntos) suma o total de cada UD e do módulo final.

Para aprobar o módulo, dentro das prácticas, o alumno/a deberá realizar ao menos, algunha práctica en modelos reais.

¿

- Os alumnos realizarán as prácticas en prótesis de mans
- Cada alumno/a traerá tódolos días o material necesario correspondente o modulo, e a sua man de prácticas
- O alumnado realizará prácticas diariamente, que o profesor anotará na lista de cotexo e toboas de observación das prácticas diarias, deste modo o profesor valora a calidade dos traballos e o interés polo traballo continuado e poderá corrixir erros.

Como non pode haber decimáis, o redondeo, en caso de habelos, farase do xeito seguinte:

Decimal inferior a 5, despreciarase ata o enteiro superior máis próximo. Se o decimal é igual ou superior a 5, incrementase ata o enteiro superior máis próximo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que suspénde algunha avaliación: ao ser avaliación continua se suspende a primeira avaliación a parte práctica sería aprobada na seguinte e parte teórica tería que facer un exame escrito, e así sucesivamente.

Na primeira semana do mes de xuño, levarase a cabo a terceira avaliación, os alumnos que non teñan superado o módulo , deberán asistir a clases de recuperación ou reforzo ata a finalización do curso, e ser novamente avaliados

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Todo aquel alumnado que teña perda de avaliación continua, logo de exceder nun dez por cento no número de faltas de asistencia a clase, terá que realizar unha proba teórico-práctica no mes de xuño. A proba realizarase na aula taller e abrangerá tódalas unidades didacticas do módulo. Nesta proba, o alumno terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada unha das unidades didácticas desta programación.

Para a súa realización o alumno deberá traer o seu material de traballo. A proba terá unha duración de tres horas como máximo. As datas da proba publicaranse con antelación no taboleiro de anuncios do centro.

Os alumnos que houbesen perdido o dereito a avaliación continua serán calificados nunca proba única que constará de:

Proba escrita que puntuará un 30%

Proba práctica que puntuará 70%

Sera necesario acadar un un mínimo de 5 en cada unha das partes para facer media, no caso contrario a nota seria suspenso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Tanto a avaliación do alumnado como os seguimentos da programación faranse seguindo o calendario elaborado pola xefatura de estudos.

Para levar a cabo o seguimento da programación o equipo docente formado por todos os profesores que imparten clase no grupo celebrará unha vez ao mes unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no Centro, no que se concretarán tanto o grao de cumprimento da programación como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por que destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

Así mesmo, e segundo está establecido na normativa de Xestión Da Calidade dos CFP, a práctica docente será sometida a avaliación por parte do alumnado nos termos e condicións que nela se establecen (Enquisas ó alumnado).

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comenzo das actividades lectivas, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxeto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondiente.

Nesta sesión, o profesor/a que se encargue da titoria dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan.

O tratado na sesión da avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela, recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Actividades comúns para todo o alumnado co fin de assimilar os contidos mínimos.

Actividades máis complexas para o alumnado que accede os obxectivos previstos, onde se profundice nos coñecementos adquiridos.

Actividades máis sinxelas cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumno que non accede os contidos mínimos consiga chegar por outro camiño ós fins propostos.

Seguimento máis preto do profesor co alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

Análise do traballo e resolución de dúbidas que xurdan no alumnado para poder traballar a fondo as actividades propostas.

Para alumnado procedente do extranxeiro, facilitar a comprensión da linguaxe nas explicacións e nos supostos prácticos.

Será necesario a asistencia regular do alumnado sen superar, en ningún caso, o tope de faltas de asistencia establecido do 10% do total de horas, este será requisito indispensable para poder obter unha cualificación positiva.

Aos alumnos que non respondan aos obxectivos programados se lles facilitaran materiais de ampliación se lles pediran máis traballos de reforzo e se

poderan ampliar os tempos de execución.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación para a saúde:

E a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e durante todo o curso. O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas.

Educación para a convivencia:

Persegue e concreta unha parte importante dos obxectivos da educación moral e cívica presentes en todo o currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante:

O respecto a autonomía dos demais.

O diálogo como forma de solucionar as diferencias.

Educación para a paz:

Non se pode dissociar da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenvolvemento e a cooperación. Persegue o obxectivo práctico, entre outros, de entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación do consumidor:

Presenta, entre outros estes obxectivos:

Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e das formas de facelos efectivos.

Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación para a igualdade:

Amósase pola necesidade de crear dende a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

Analizar críticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as seas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións etc. Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas.

Consolidar hábitos non discriminatorios.

Educación ambiental:

Entre os seus obxectivos, atópanse os seguintes:

Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.

Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiental global.

Desenvolver capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír o seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

Educación para Europa:

Os obxectivos principais son:

Adquirir unha cultura de referencia europea.

Desenvolver a conciencia de identidade europea e a asunción progresiva da cidadanía europea cos seus valores, dereitos e obrigas.

Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

Educación multicultural:

A educación multicultural -ou intercultural- ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e fanas máis urxentes os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nos de inmigrantes racial e culturalmente diferentes.

Algúns dos seus obxectivos son os seguintes:

Despertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institución e técnicas.

Desenrolar actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Sempre que sexa posible organizaranse actividades referentes ó módulo que impliquen o emprego de novas técnicas profesionais ou de xestión dunha empresa de imaxe persoal.

- Seguimento das novas publicacións, como libros, revistas, etc.

-Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías, etc.

10.Outros apartados

10.1) En caso de confinamento do grupo clase ou de grupo reducido.

Teniendo en cuenta las medidas recomendadas por el ministerio de Sanidad y Educación que son textualmente:

Las prácticas realizadas ,además de contar con todas las medidas de seguridad e higiene" se limitarán a las imprescindibles para garantizarlos aprendizajes del alumnado", y serán optativas para los estudiantes. Estos, si deciden no participar," se preverán actividades alternativas", y si lo hacen, deberán "cumplimentar una aceptación expresa de la voluntariedad de participación de las mismas.

Para evitar cualquier conflicto de duda, en mi programación se evaluará las actividades que están todas programadas para la realización de tareas en una mano de prácticas ,evitando contacto con compañeros y personas

En caso de confinamiento total , del aula o individual do alumnado, las tareas serán trabajadas a través del aula virtual y aplicación informática teams bien teóricas(mediante trabajos escritos y exámenes), por la parte de actividades prácticas utilizarán la prótesis de mano dónde podrán efectuar las tareas programadas en su domicilio.